

# Os determinantes demostrativos

## Lembra

Os **demostrativos** son as palabras que indican a distancia que hai entre a persoa que fala e os seres ou os obxectos a que se refire. Os demostrativos van no mesmo xénero e número ca os substantivos a que se refiren.

### 1 Pincha enriba dos demostrativos.

Esta gorra é de Martiño e este pau é meu.  
Esa pelota é de Mariña e esas raquetas son de Xoán.  
Aqueles balóns son de Xela.



### 2 Fíxate na ilustración anterior e completa coas palabras propostas.

- A gorra está \_\_\_\_\_ de quen fala.
- A pelota non está nin \_\_\_\_\_ de quen fala.
- Os balóns están \_\_\_\_\_ de quen fala.
- As raquetas non están nin \_\_\_\_\_ nin \_\_\_\_\_ de quen fala.
- O pau de golf está \_\_\_\_\_ de quen fala.

### 3 Completa cos demostrativos que faltan.

|          |           | Moi preto | Próximo | Afastado |
|----------|-----------|-----------|---------|----------|
| Singular | Masculino | este      |         |          |
|          | Feminino  |           |         | aquela   |
|          | Neutro    |           | iso     |          |
| Plural   | Masculino |           | eses    |          |
|          | Feminino  | estas     |         |          |